

PREGUNTAS

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES XESTION FORESTAL (15-TS-XF-EM) (2L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

1. Segundo o artigo 4 da *Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*, ¿cal dos seguintes NON é un principio xeral polo que se rexe a organización dos órganos colexiados?

- a) Eficacia e eficiencia.
- b) Descentralización e desconcentración.
- c) Claridade e descoordinación normativa, boa fe e confianza nos cidadáns.
- d) Xerarquía e simplificación.

2. ¿Onde se integra a *Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO)*, dentro da estrutura da Consellería de Medio Rural?

- a) Na Secretaría Xeral Técnica, con rango de subdirección.
- b) Na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
- c) Na Axencia Galega da Industria Forestal (XERA).
- d) Na Dirección Xeral de Defensa do Monte.

3. ¿Cal das seguintes é unha función das Secretarías Xerais Técnicas de cada consellería?

- a) Determinar o número e competencias das distintas Direccións Xerais da consellería.
- b) Exercer interinamente as funcións do titular da consellería en materia de xestión orzamentaria e de persoal.
- c) Elaborar o anteproxecto de orzamento da consellería e levar a cabo o seguimento da execución orzamentaria.
- d) Propor ó/á Conselleiro/a o nomeamento dos titulares dos distintos órganos e institucións adscritos á consellería.

4. Na elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, a consulta pública a través do Portal de transparencia e Goberno a fin de solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas segundo a materia, producirase na...

- a) Fase final do procedemento.
- b) Fase intermedia do procedemento.
- c) Fase inicial do procedemento.
- d) Calquera das fases do procedemento.

5. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público, inclúense entre os principios das Administracións Públicas:

- a) A eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- b) A eficacia na asignación e emprego dos recursos públicos.
- c) A eficiencia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

6. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, en relación ao silencio administrativo regulado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, considérase que dito silencio é ESTIMATIVO cando:

- a) Se produza dentro do prazo establecido para ditar resolución expresa.
- b) Se produza unha vez vencido o prazo máximo establecido sen terse producido resolución expresa.
- c) Se produza unha vez vencido o prazo máximo establecido sen terse producido resolución expresa salvo que unha norma con rango de Lei ou de Dereito da UE ou de Dereito internacional establezan o contrario.
- d) Se produza nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio.

7. Cando se precise aportar documentación a un procedemento por parte dun interesado, a *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula como debe producirse dita achega no artigo 28. ¿Cal das seguintes afirmacións é a correcta?:

- a) Os interesados deberán aportar os datos e documentos esixidos e calquera outro documento que estimen axeitada en calquera momento da fase de instrución do mesmo.
- b) Os interesados teñen dereito a non aportar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou teñan sido elaborados por calquera outra Administración.
- c) As Administracións non esixirán aos interesados a presentación de documentos orixinais en ningún caso.
- d) A presentación de documentación orixinal en formato electrónico pode ser substituída en calquera caso pola presentación da copia auténtica do dito documento.

8. En relación coas notificacións de resolucións e actos administrativos, indicar cal das seguintes respostas NON é correcta:

- a) Deberanse cursar dentro do prazo de dez días a partires da data no que o acto teña sido ditado.
- b) Practicaranse preferentemente por medios electrónicos.
- c) Cando non sexa posible o emprego de medios electrónicos poderase practicar instando a comparecencia do interesado ou do seu representante.
- d) En ningún caso faranse por medios electrónicos as notificacións que conteñan medios de pago a favor dos obrigados, tales como cheques.

9. ¿Cal dos seguintes é un medio de execución forzosa polas Administracións Públicas, mantendo o debido respecto polo principio de proporcionalidade?:

- a) A entrada ao domicilio do afectado sen consentimento do mesmo ou da oportuna autorización xudicial.
- b) A multa coercitiva ou a compulsión sobre as persoas.
- c) A obriga pecuniaria.
- d) Por estimación obxectiva de danos e prexuízos esixibles.

10. En relación cos contratos de subministro, definidos segundo o artigo 16 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ¿cal dos seguintes se corresponde cun tipo de contrato de subministro?:

- a) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas e a cesión do dereito de uso de estes últimos... a excepción dos contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos.
- b) Os de fabricación de maquinaria elaborada de acordo ás características fixadas previamente pola entidade contratante.
- c) Os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

11. En función do estipulado no artigo 36 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e salvo que se indique expresamente, os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición...

- a) Perfeccionaranse coa súa adxudicación
- b) Perfeccionaranse coa súa formalización.
- c) Perfeccionaranse coa súa publicación.
- d) Non é necesaria a súa formalización por escrito en ningún caso.

12. Un Plan de Obra é un cronograma que pode expresarse graficamente en forma de diagramas ou usando un software axeitado e que persegue: (Sinale a resposta correcta)

- a) Crear as distintas fases dunha obra e visualizalas conxuntamente a fin de permitir a súa mellor organización temporal e financeira.
- b) Construír un diagrama de Gantt para o proxecto e un diagrama de Pert para a execución financeira.
- c) Individualizar as datas de cada fase do proxecto para que non se produzan interferencias económicas entre os traballadores.
- d) Axustar a obra á planificación financeira do contratista.

13. Segundo o artigo 5 do Regulamento (UE) nº1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº1698/2005 do Consello ¿Cal das seguintes NON é unha prioridade dos Programas de Desenvolvemento Rural, do financiamento FEADER?

- a) Promover a transferencia de coñecementos e a innovación no sector agrícola e sector silvícola, así como nas zonas rurais.
- b) Mellorar a viabilidade e competitividade de todos os tipos de agricultura e promover as tecnoloxías agrícolas innovadoras e a xestión sostible do bosque.
- c) Fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros.
- d) Promover a organización da cadea alimentaria, o benestar dos animais e a Xestión dos riscos na agricultura.

14. O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) constitúe o núcleo fundamental do seguinte instrumento de recuperación:

- a) Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria
- b) Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
- c) Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural
- d) Next – Generation UE

15. ¿Cal das seguintes NON é unha medida das contempladas no capítulo I do Regulamento delegado (UE) 807/2014 (derogado polo regulamento delegado (UE) 2022/2527 da Comisión, de 17 de outubro de 2022), en aplicación ata o 31 de decembro de 2025, e que completa ao Regulamento 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)?

- a) Prevención de incendios forestais
- b) Agroambiente-clima
- c) Benestar animal
- d) Forestación e creación de superficies forestais.

16. O Regulamento (UE) 2021/2115 establece normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos da PAC (PEPAC) nos estados membros para un determinado período. Sinale a resposta correcta:

- a) Entre 2022-2028
- b) Ata 2030 en virtude da aplicación da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.
- c) Entre 2023-2027
- d) Aínda non é de aplicación ata o remate do período do PDR de Galicia.

17. Segundo o artigo 15.1 do DECRETO 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia ¿Que sucede se o órgano forestal non resolve a solicitude de aprobación dun proxecto de ordenación nun prazo de seis meses?

- a) A solicitude se rexeita automaticamente.
- b) Considerase estimada a solicitude.
- c) O solicitante debe presentar unha nova solicitude.
- d) O procedemento prolongase ata un máximo de oito meses, momento no que se aproba o proxecto de ordenación por silencio positivo.

18. Segundo o artigo 15 do DECRETO 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, unha vez aprobado o proxecto de ordenación ou documento simple compartido de xestión, ¿cal é o prazo de anticipación requirido para solicitar autorización das actuacións previstas no proxecto cando fose preceptiva a dita autorización?

- a) Dúas semanas.
- b) Un mes.
- c) Aprobado o proxecto de ordenación ou documento simple ou compartido de xestión, as actuacións previstas nel consideraranse autorizadas, cando sexa preceptiva a dita autorización.
- d) Catro semanas.

19. Segundo o art. 8 *Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes*, as comunidades autónomas:

- a) Poden desenvolver a lexislación estatal en materia de montes e aproveitamentos forestais, segundo os seus intereses.
- b) Exercen aquelas competencias que en materia de montes e aproveitamentos forestais, e as que en virtude de outros títulos competenciais que inciden nesta lei, teñen atribuídas nos seus estatutos de autonomía.
- c) Non teñen competencias en temas de aproveitamentos forestais, aínda que poden desenvolver a lexislación de montes veciñais en man común.
- d) Non teñen competencias exclusivas en temas de montes nin de aproveitamentos forestais.

20. Segundo o art. 5 da *Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes*, non teñen a consideración de monte:

- a) Os terreos ermos, roqueiros e areais
- b) As construcións e infraestruturas destinadas ao servizo do monte no que se localizan.
- c) Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba á finalidade de ser repoboado ou transformado ao uso forestal, de conformidade coa normativa aplicable.
- d) Os terreos que exclúa a comunidade autónoma na súa normativa forestal e urbanística.

21. Segundo o art. 34.2 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia*, os montes incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública:

- a) Serán xestionados, en todo caso, pola Administración forestal.
- b) Serán xestionados, en todo caso, pola administración titular do monte.
- c) Serán xestionados pola Administración forestal, agás que sexa solicitada a súa xestión pola entidade titular e autorizada esta pola Administración forestal nos termos que considere necesarios e consonte o procedemento que se estableza regulamentariamente.
- d) Serán xestionados por unha comisión mixta constituída polos veciños das parroquias onde radique o monte, a entidade titular e a Administración Forestal.

22. Segundo o art. 88 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia*, de ser necesario para a sinalización de árbores con fins científicos, poderán colocarse chapas aseguradas con cravos:

- a) Para a sinalización con fins científicos poderán colocarse as sinalel necesarias procurando non causar danos que podan provocar a entrada de doenzas ou pragas.
- b) Para a sinalización, prohibese cravar ou esgazar con calquera elemento, manual ou mecánico, as árbores de forma tal que se lles produzan dano ou feridas.
- c) Non hai referencias algunha na lei á sinalización das árbores.
- d) De ser necesaria precisa autorización da administración forestal.

23. Segundo o art. 30 do texto consolidado da *Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*, a propiedade dos montes veciñais en man común, con independencia da súa orixe, é de natureza:

- a) Pública e colectiva
- b) Privada e colectiva
- c) Colectiva
- d) Sen asignación de cotas.

24. Segundo o artigo 22 da *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*. ¿Que categoría de espazos naturais protexidos non se regula por esta lei?

- a) Reserva natural
- b) Parque nacional
- c) Parque natural
- d) Monumento natural

25. Segundo o artigo 54 da *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*, un Plan de ordenación dos recursos naturais, ¿que tipo de vixencia ten?:

- a) Anual
- b) Cuadrienal
- c) Indefinida
- d) 6 anos

26. Segundo o artigo 38, da *Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*, o inicio do procedemento da declaración dun espazo natural protexido, ¿a quen corresponde?:

- a) Consellería do Medio Rural de oficio
- b) Consellería do Medio Rural a instancia de parte.
- c) Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural de oficio
- d) Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural a instancia de parte.

27. Segundo o art. 10 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, a competencia administrativa en materia de ordenación do territorio corresponde á:

- a) Administración Local, que desenvolve os instrumentos de ordenación do seu territorio.
- b) Administración local con informe vinculante da administración xeral do estado e da Xunta de Galicia.
- c) Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Deputacións provinciais como organo que aglutina os intereses da administración local na provincia.

28. Segundo o art. 11 da *LEI 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, no exercicio da competencia en materia de ordenación do territorio, as relacións da Administración autonómica coas restantes administracións públicas con competencias sobre o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polos principios de:

- a) Non inxerencia nas competencias de cada unha das administracións implicadas.
- b) Cooperación e colaboración
- c) Contradición, celeridade, concentración de trámites, transparencia e publicidade.
- d) Xerarquía das normas que regulan as competencias de cada unha das administracións implicadas.

29. Segundo o art. 57 da *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia*, os PXOM en relación coa determinación do solo rústico, indicar a opción correcta:

- a) Conterán a delimitación de sectores para o seu desenvolvemento mediante plans parciais.
- b) Conterán a delimitación das distintas categorías de solo rústico coa conformidade expresa da administración competente que tutele o valor obxecto de protección.
- c) Asignarán os usos globais de cada sector e fixación da edificabilidade.
- d) Conterán os trazados das redes fundamentais de abastecemento de auga co fin de non realizar danos nos traballos de carácter agrario ou forestal

30. Segundo o art. 37 da *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia*, existen limitacións na apertura de camiños:

- a) Está permitida a apertura de camiños aínda que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio.
- b) Non está permitida a apertura de camiños agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.
- c) As limitacións se basean na necesidade de proxecto asinado por titulado competente no que se xustifique o non impacto medioambiental da súa execución.
- d) A rede actual de camiños rurais é suficiente, e non esta permitido aumentar a súa densidade.

31. Segundo a *INSTRUCCIÓN do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, precisarán de autorización:*

- a) A recolocación ou reparación que inclúa a substitución puntual e parcial dos elementos de xardinería, pavimento e mobiliario urbano por outras análogas.
- b) O corte de herba ou maleza e a roza por medios manuais ou con maquinaria lixeira portátil, sen movementos de terra e respectando todos os exemplares arbóreos existentes ou elementos de xardinería, así como podas parciais de mantemento.
- c) A instalación de medios auxiliares para o desenvolvemento dos traballos agrícolas e forestais de escasa entidade como guías e proteccións individuais
- d) O cultivo de terreos cando sexa precisa a modificación das rasantes existentes e os traballos de arroteamento se produzan a profundidade.

32. Segundo a *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*, poden os espazos protexidos de competencia autonómica abranger no seu perímetro ámbitos terrestres e mariños?

- a) Non, en ningún caso ao ser o espazo marítimo competencia exclusiva do Estado.
- b) Sí, sempre que esté debidamente xustificado e previo informe preceptivo e vinculante do ministerio do Estado con competencias en patrimonio natural.
- c) Sí, cando exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.
- d) Sí, xa que Galicia ten competencias no espazo marítimo do seu contorno.

33. Segundo a *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*, ¿existen os refuxios de vida silvestre-microrreservas?

- a) Si, como unha categoría específica das reservas naturais, poderanse declarar como refuxios de vida silvestre-microrreservas aqueles espazos de superficie inferior a 20 hectáreas.
- b) Si, como unha categoría específica das reservas naturais, poderanse declarar como refuxios de vida silvestre-microrreservas aqueles espazos de superficie inferior a 15 hectáreas.
- c) Si, como unha categoría específica das reservas naturais, poderanse declarar como refuxios de vida silvestre-microrreservas aqueles espazos de superficie inferior a 25 hectáreas.
- d) Si, como unha categoría específica das reservas naturais, poderanse declarar como refuxios de vida silvestre-microrreservas aqueles espazos de superficie inferior a 50 hectáreas.

**34. Poderán solicitar o recoñecemento como Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta, segundo o artigo 122 do texto consolidado da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia*.
Sinale a resposta correcta:**

- a) As cooperativas, sociedades civís, sociedades limitadas e anónimas, ou calquera outra que teñan carácter comercial co fin de poder comercializar os produtos obtidos.
- b) As asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento ás persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos na planificación da xestión forestal e na xestión e comercialización conxunta dos seus aproveitamentos, sempre que estean compostas por persoas titulares dos indicados dereitos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Este tipo de Agrupacións tan só veñen recoñecidas na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- d) Esta figura pretende unificar a xestión das Sociedades de Fomento Forestal e as Sociedades de Transformación Agraria que foron de uso común na provincia de Lugo e o Sur de A Coruña nos anos 70'.

35. ¿Onde se habilitarán os procedementos regulados no *DECRETO 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.*?

- a) Na oficina física da Xunta de Galicia
- b) Na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- c) Nas sedes dos concellos.
- d) Nas oficinas da Consellería de Presidencia.

36. ¿Cal é o código para a "*Declaración responsable para aproveitamentos de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada que contén cun instrumento de ordenación ou xestión aprobado por la Administración*"?

- a) MR604M
- b) MR604K
- c) MR604J
- d) MR604E

37. Os modelos silvícolas basean a súa legalidade en:

- a) Orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.
- b) Nos artigos 8, 76, 77 e 79 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia* que definen e caracterizan as diferentes categorías dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal.
- c) O art. 3 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia* que os define como parte fundamental na planificación forestal.
- d) O *Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.*

38. Segundo o art. 8 da Orde do 19 de maio de 2014 na que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal , aquelas persoas solicitantes que comuniquen a súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal:

- a) En todo caso deberán cumprir cos modelos e prácticas forestais aos que expresamente se teñen adherido podendo, en caso contrario, ser obxecto de sanción.
- b) En ningún caso teñen a obriga do seu cumprimento. Os valores modulares que describen as actuacións definidas nos modelos silvícolas ou de xestión forestal obxecto de adhesión son orientativos.
- c) En todo caso deberán cumprir cos modelos e prácticas forestais aos que expresamente se teñen adherido, pero admítense variacións no cumprimento do modelo nun 30 % superior ou inferior aos valores modulares descritos.
- d) Terán bonificacións no sistema impositivo dependente da Xunta de Galicia.

39. O Anexo I da Orde do 9 de febreiro de 2021, pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014, pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, respecto ao cultivo de Castanea sativa Miller (altitude > 550 m) ou Castanea x hybrida (altitudes menores) para produción froiteira en novas plantacións:

- a) Non define modelo silvícola algún, xa que o castiñeiro para produción froiteira non é considerado especie forestal.
- b) Só posibilita a produción froiteira no modelo silvícola CS3 para cubrir a densidade nos soutos tradicionais, o que no se considera novas plantacións.
- c) Establece o modelo silvícola CS2 con obxectivo de produción froiteira en novas plantacións.
- d) O modelo CS2 establece unha densidade de plantación de un mínimo de 625 pés/ha para que poida considerarse monte.

40. Referente as rexións de procedencia do *Pinus sylvestris*:

- a) Se desenvolven polo método aglomerativo e non hai ningunha en Galicia.
- b) Se desenvolven polo método divisivo e hai unha en Galicia, denominada Repoboacións de Galicia.,
- c) Se desenvolven polo método aglomerativo e hai unha en Galicia, denominada Repoboacións de Galicia.
- d) Non hai Rexión de procedencia do *Pinus sylvestris* en Galicia.

41. Das especies que teñen materiais de base inscritos no *Rexistro Galego de Materiais de Base*, ¿cales presentan tolerancia a doenzas e pragas?

- a) Os proxenitores de familias de *Pinus radiata* localizados no Horto de Sementes de Penafesa, pola súa tolerancia a banda marrón (*Lecanosticta acicola*).
- b) Os clons de castiñeiro 90044, 125 e 392 tolerantes a avispiña do castiñeiros (*Dryocosmus kuriphilus*).
- c) Os proxenitores de familia localizados no horto de sementes de A Braxe e Monfero, tolerantes a *Bursaphelenchus xylophilus*, e os clons de castiñeiro tolerantes a tinta do castiñeiro.
- d) Non hai materiais de base inscritos no *Rexistro Galego de Materias de Base* que, ningún dos ensaios realizados, mostren tolerancia a doenzas e pragas.

42. No *Rexistro e Catálogo Nacional Galego de Materiais de Base* hai rexistradas:

- a) Mouteiras selectas de *Pinus radiata* de obxectivo silvicultura multifuncional e características tecnolóxicas da madeira.
- b) Mouteiras selectas de *Pinus radiata* de obxectivo tolerancia a *Dothristoma pini* e *Dothistroma septosporum*.
- c) Mouteiras selectas de *Pinus pinaster* de obxectivo características tecnolóxicas da madeira e silvicultura multifuncional.
- d) Mouteiras selectas de *Pinus radiata* de obxectivo tolerancia a *Lecanosticta acicola*.

43. A regulación que pretende asegurar que os recursos xenéticos utilizados dentro da xurisdición de cada país, foran obtidos conforme a regulación existente no país proveedor do recurso, se orixina (sinalar a opción correcta):

- a) Na *Lei 21/2015, de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes*.
- b) No texto consolidado da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia*
- c) No Protocolo de Nagoya asinado por España o 11 de xullo do 2011.
- d) Na 20ª reunión das partes que subscribiron a Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, celebrada en Lima, Perú no ano 2014.

44. Segundo o “Plan de Actuacións para o control da enfermidade do cancro do castiñeiro e seguimento de actuacións. Ano 2022” publicado como Aviso Fitosanitario na páxina web da Consellería do Medio Rural, no apartado de Publicacións Electrónicas Periódicas, Avisos de Sanidade Forestal, o “empacado” consiste:

- a) En aumentar o número de gaiolas de feromonas colocadas en monte ata un máximo de 20 gaiolas por hectárea, para provocar a confusión sexual dos carpófagos da castaña, e así evitar a transmisión do fungo por estes insectos.
- b) O sistema empregado para inocular as cepas hipovirulentas no castiñeiro afectado pola enfermidade.
- c) O control do cancro empregando barro feito con terra da mesma parcela no que está o pé afectado pola enfermidade.
- d) O método de transporte en frío das caixas que contén os tubos co xel que contén as cepas hipovirulentas.

45. Segundo os sucesivos Plans de Actuacións para o control do *Dryocosmus kuriphilus* publicados na páxina web da Consellería do Medio Rural, nas actuacións de control biolóxico do *Dryocosmus kuriphilus*, o número máximo de puntos de solta anuais do parasito *Torymus sinensis* foi aproximadamente de:

- a) Ao redor de 1.000 puntos nunha mesma campaña de solta.
- b) Ao redor de 2.500 puntos nunha mesma campaña de solta.
- c) Ao redor 3.800 puntos nunha mesma campaña de solta.
- d) Ao redor de 7.000 puntos nunha mesma campaña de solta.

46. Na actualidade cal destes produtos esta incluído no *Registro de Productos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*, para o control das enfermidades fúnxicas dos piñeiros (*Dothristoma sp* e *Lecanosticta acícula*)(sinalar a opción correcta):

- a) Maniflow da empresa Manica, produto formulado con oxido cuproso 50% (expr. en cu) [wp] p/p.
- b) Cobre Nordox 50 da empresa Masso, produto formulado con oxido cuproso 50% (expr. en cu) [wp] p/p.
- c) Maniflow da empresa Manica, produto formulado con sulfato cuprocalcico 12,4% (expr. en cu) [sc] p/v.
- d) Non hai ningún produto inscrito no Registro de Productos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para o tratamento das enfermidades funxicas nos piñeiros. Os tratamentos realízanse tras solicitar unha autorización excepcional ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

47. Na aplicación Oruxmaps , ¿de que tipo poden ser os mapas offline?

- a) Vectorial
- b) Raster
- c) Geopdf
- d) Todas son correctas

48. ¿Que tipos de arquivos podemos copiar no Oruxmaps?

- a) .kmz
- b) .kml
- c) .gpx
- d) Todas son correctas

49. ¿É posible borrar varios obxectos a un tempo coa ferramenta Borrar na aplicacion AUTOCAD?

- a) Non, so é posible facelo coa tecla Suprimir
- b) Non, so é posible borrar os obxectos de un en un
- c) Si
- d) Todas as respostas son correctas

50. En AUTOCAD, as coordenadas relativas...

- a) Localizan un punto en relación co punto 0,0 das coordenadas absolutas
- b) Localizan un punto en relación co último punto elixido
- c) Son idénticas ás coordenadas absolutas
- d) Todas as respostas son correctas

51. Cando utilizamos un software de Gis Qgis/ArcGis para conectarmos a un servicio de datos WMS:

- a) Permite a consulta de información, pero non a súa descarga
- b) Permite a consulta de información e a súa descarga
- c) Permite a súa descarga, pero non a súa visualización
- d) Ningunha das anteriores é correcta

52. ¿Como diferencia PRESTO os diferentes conceptos que forman parte dun orzamento?

- a) Polo seu código
- b) Polo seu texto
- c) Pola súa natureza
- d) Polo seu prezo

53. A coordinación de actividades empresariais, en materia de seguridade e saúde, xurde na seguinte situación:

- a) Cando dúas empresas constitúen unha unión temporal de empresas.
- b) Cando nun mesmo centro de traballo, desenvolvan actividades traballadores de dúas ou máis empresas.
- c) Cando dúas empresas pertencen a un mesmo Grupo de Empresas.
- d) Cando unha empresa aluga as instalacións doutra empresa.

54. O empresario poderá desenvolver persoalmente a actividade de prevención, cando concorran algunha das seguintes circunstancias. Sinale a resposta INCORRECTA.

- a) Que se trate dunha empresa de ata dez traballadores ou de ata 25 que dispoña dun único centro de traballo.
- b) Que as actividades desenvolvidas na empresa non estean incluídas no Anexo I do RD 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención.
- c) Cando o empresario desenvolva a súa actividade profesional de xeito habitual fóra do centro de traballo.
- d) Que o empresario teña a capacidade correspondente ás funcións preventivas que vai desenvolver.

55. A clasificación das funcións da actividade preventiva ven establecida nos artigos 34 e seguintes do R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. Realizar actividades de información e formación básica de traballadores se considera:

- a) Unha función de nivel básico.
- b) Unha función de nivel intermedio
- c) Unha función de nivel superior.
- d) Unha función que corresponde aos servizos de formación sindicais.

56. ¿Que risco indica a seguinte simboloxía, en materia de prevención de riscos laborais?:



- a) Risco/perigo de intoxicación por produtos químicos.
- b) Risco/perigo de materiais radioactivos.
- c) Risco/perigo de produtos biolóxicos.
- d) Risco/perigo de radiación solar

57. O deseño de mostraxe do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) define a forma na que se elixe a mostra. Para o IFCG definiuse unha malla sistemática de:

- a) 4x4 km, buscando a coincidencia da Rede de Danos.
- b) 8x8 km, buscando a coincidencia coa Rede de Avisos Fitosanitarios.
- c) 4x4 km, pero independente de calquera outra rede existente.
- d) 8x8 km, pero independente de calquera outra malla.

58. No Inventario Forestal continuo de Galicia (IFCG), se unha árbore ten parte do sistema radical no aire, para medir a altura normal:

- a) O punto de orixe para medir a altura normal é o punto do chan máis próximo ao sistema radical, e mais alto no sentido da pendente.
- b) O punto de orixe para medir a altura normal é o punto do chan máis próximo ao sistema radical, e mais baixo no sentido da pendente.
- c) O colo da raíz é o punto de orixe para medir a altura normal.
- d) A altura normal medírase desde o lado cara a onde estea inclinada a árbore.

59. No Inventario Forestal continuo de Galicia (IFCG), na medición da altura co hipsómetro Vertex IV, débese localizar o emisor de ultrasón (repetidor):

- a) Exactamente a 1,40 m, para non introducir un erro sistemático na medición.
- b) Exactamente a 1,30 m ou outra altura definida no menú TPR height do aparato.
- c) Non existe emisor de ultrasón algún no hipsómetro Vertex IV.
- d) Exactamente a 1,30 m, sen posibilidade de optar por outra altura.

60. No inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) cada unha das parcelas ten un código único de forma:

- a) BN0000_00, o acrónimo BN correspóndense con Basic Network
- b) RB0000_00, onde os seis primeiros díxitos correspóndense co código do punto de mostraxe, e os dous seguintes (situados tras o guión baixo) co código da parcela.
- c) RB0000_00, onde os seis primeiros díxitos correspóndense co código da parcela, e os dous seguintes co punto de mostraxe.
- d) 0000_00 onde os primeiros díxitos correspóndense co código do punto de mostraxe, e os dous seguintes (situados tras o guión baixo) co código da parcela.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. ¿Cal dos seguintes NON constitúe un mecanismo de iniciación do procedemento de oficio pola Administración?:

- a) Por acordo do órgano competente por propia iniciativa.
- b) Por acordo do órgano competente como consecuencia dunha orde superior.
- c) Por acordo do órgano competente a petición de parte interesada no procedemento.
- d) Por acordo do órgano competente a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

2. A intensidade de loita biolóxica co parasito *Anaphes nitens* contra o *Gonipterus platensis*:

- a) Figura na primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara a neutralidade carbónica” como indicador no EIXE II. Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.
- b) En ningún dos eixos da primeira revisión do Plan Forestal de Galicia, figura tal indicador.
- c) Figura na primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara a neutralidade carbónica” como indicador no EIXE IV. Recursos Forestais e Cadea Monte e Industrias, ao ser de grande interese para o sector da celulosa.
- d) Figura na primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara a neutralidade carbónica” como indicador no EIXE III Xestión forestal e loita contra o abandono do monte, como obxectivo programático III.2. INICIATIVAS DE ACTIVACIÓN DA XESTIÓN FORESTAL PRIVADA

3. No contexto da medida de reforestación e creación de superficies forestais, segundo o artigo 6 do Regulamento delegado (UE) 807/2014 que establece disposicións que completan o Regulamento (UE) 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ¿cal dos seguintes requisitos medioambientais mínimos é de aplicación?:

- a) Plantación de especies leñosas de calquera tipo cando as condicións medioambientais ou climáticas dificultosas non posibiliten o establecemento dunha cuberta forestal, definida como tal na lexislación concreta do Estado membro.
- b) A selección de especies, variedades, ecotipos e procedencias das árbores tendo en conta unicamente a súa adaptación ao cambio climático.
- c) A selección de especies para reforestar hábitats sensibles como turbeiras ou humedais.
- d) Todas as respostas son correctas

4. Segundo o artigo 41 da *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*, a declaración dunha reserva natural faise por:

- a) Decreto da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Medio Ambiente.
- b) Decreto da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería do Medio Rural.
- c) Lei do Parlamento de Galicia.
- d) Orde da Consellería de Medio Ambiente.

5. Segundo o artigo 58 da *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*, un Plan reitor de uso e xestión que vixencia mínima ten?:

- a) Anual
- b) Quinquenal
- c) Non se establece unha vixencia mínima.
- d) Dez anos

PREGUNTAS

PUESTOS: TÉCNICOS SUPERIORES XESTION FORESTAL (15-TS-XF-EM) (2L)

Perfil: Ingeniería de Montes o equivalente (MECES 3)

1. Según el artículo 4 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia, ¿cuál de los siguientes NO es un principio general por el que se rige la organización de los órganos colegiados?

- a) Eficacia y eficiencia.
- b) Descentralización y desconcentración.
- c) Claridad y descoordinación normativa, buena fe y confianza en los ciudadanos.
- d) Jerarquía y simplificación.

2. ¿Dónde se integra la Unidad de Investigación de Incendios Forestales (UIFO), dentro de la estructura de la Consellería de Medio Rural?

- a) En la Secretaría General Técnica, con rango de subdirección.
- b) En la Dirección General de Desarrollo Rural.
- c) En la Agencia Gallega de la Industria Forestal (XERA).
- d) En la Dirección General de Defensa del Monte.

3. ¿Cuál de las siguientes es una función de las Secretarías Generales Técnicas de cada consellería?.

- a) Determinar el número y competencias de las distintas Direcciones Xerais de la consellería.
- b) Ejercer interinamente las funciones del titular de la consellería en materia de gestión presupuestaria y de personal.
- c) Elaborar el anteproyecto de presupuesto de la consellería y llevar a cabo el seguimiento de la ejecución presupuestaria.
- d) Proponer al Conselleiro/a el nombramiento de los titulares de los distintos órganos e instituciones adscritos a la consellería.

4. En la elaboración de disposiciones administrativas de carácter general, la consulta pública a través del Portal de transparencia y Gobierno a fin de solicitar la opinión de la ciudadanía y de las organizaciones y asociaciones más representativas según la materia, se producirá en la...

- a) Fase final del procedimiento.
- b) Fase intermedia del procedimiento.
- c) Fase inicial del procedimiento.
- d) Cualquiera de las fases del procedimiento.

5. Según el artículo 3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del sector Público, se incluyen entre los principios de las Administraciones Públicas:

- a) La eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados.
- b) La eficacia en la asignación y empleo de los recursos públicos.
- c) La eficiencia en el cumplimiento de los objetivos fijados.
- d) Ninguna de las anteriores es correcta.

6. En los procedimientos iniciados la solicitud del interesado, en relación al silencio administrativo regulado en el artículo 24 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se considera que dicho silencio es ESTIMATIVO cuando:

- a) Se produzca dentro del plazo establecido para dictar resolución expresa.
- b) Se produzca una vez vencido el plazo máximo establecido sin haberse producido resolución expresa.
